

ASGALLA

C/ Francisco Añón Paz, 1, baixo

32002, Ourense, Ourense

Teléfono: 681 282 279

Web: www.asgalla.com

Correo: asgallasc@gmail.com



INFORMACIÓN XERAL

O local, atópase un barrio novo, cunha ampla zona de aparcadoiro diante

En canto á accesibilidade, o establecemento conta con cabinas adaptadas en ambos os aseos, de mulleres e homes.

Atención ao público e outra información de interese

- Pratos na carta para celíacos, diabéticos e vexetarianos.
- Non dispoñen de carta en braille.
- O persoal non coñece a Lingua de Signos Española (LSE) aínda que saben como dirixirse a unha persoa xorda que se comunica en lingua oral.
- Permítese o acceso ao can de asistencia.
- Dispón só de sinais de emerxencia visuais e non existe un plan de emerxencia que contemple a evacuación de persoas con discapacidade.

Acceso e zona de atención ao público

- O local atópese próximo á autovía e estrada nacional. A pesar disto, conta cunha ampla chaira, chaira, na que non se atopan prazas de estacionamento adaptadas.
- As paradas de autobús máis próximas atópanse nun de 200 metros aproximadamente.
- O pavimento das beirarrúas, en bo estado está conformado por baldosas hidráulicas. Estas son de gran tamaño, superando os 150 cm de ancho na maior parte do seu percorrido. Atópase a 12 cm de altura, con vaos de tipo peonil ao longo do seu perímetro.
- Para acceder ao lugar, existen varias portas. A principal, retrocede respecto da fachada. Conta cun ancho de 175 cm, con diámetro superior a 150 cm para realizar o xiro. Neste espazo, atópase un felpudo enrasado e fixado ao chan.
- A porta de entrada é de dobre folla e apertura cara a lle exterior. Parcialmente acristalada, cada unha das súas follas conta cun ancho libre de paso de 92 cm e tirador vertical en toda a súa altura. Antes e despois permítese o xiro de diámetro superior a 150 cm.
- A mobilidade no interior do establecemento é suficiente.
- A iluminación é homoxénea e escasa.

ACCESIBILIDADE FÍSICA

BAR

Localización e itinerario

- O establecemento conta con dúas alturas. A zona de bar-cafetería ao nivel do acceso principal, a de restauración a nivel da terraza traseira e a unha altura de 60 cm respecto ao plano inferior. A

pesar disto, o establecemento conta cun percorrido alternativo exterior accesible entre terraza traseira e bar, pero non entre bar e comedor xa que as carpinterías da terraza traseira non están enrasadas.

Características

- Non se producen desniveis no propio espazo do bar.
- A anchura mínima do espazo de circulación é superior a 90 cm, deixando espazos libres de xiro de 150 cm.
- O chan está conformado por un pavimento homoxéneo e antiescorregadizo; libre de moquetas e felpudos.
- Altura da barra: non hai servizo a dobre altura, estando a barra a 110 cm de altura e as súas taburetes, móbiles e sen respaldo, a 80 cm.

SALÓN COMEDOR

Localización e itinerario

- A zona de restauración, a nivel da terraza traseira, está a unha altura de 60 cm respecto da zona de cafetería.
- Para acceder a ese espazo, hai que salvar tres chanzos de 20 cm de contrapegada cada un e 31,5 cm de pegada. Estes atópanse sinalizados no bordo por franxas antiescorregadizas.
- Non hai outra maneira de acceder ao espazo pois desde o exterior, a carpintería que separa este espazo da terraza elévase 10 cm respecto ao plano do chan.

Características

- Non hai desniveis no propio espazo.
- O ancho de paso a este espazo é de 275 cm, o ancho das escaleiras. Sen portas.
- A anchura mínima do espazo de circulación é superior a 120 cm, permitindo o xiro da cadeira de rodas sen dificultades en diferentes puntos da súa área.
- Pavimento homoxéneo e antiescorregadizo; libre de moquetas e felpudos.
- Mesas de tipo redondo, cadrado e elevadas - rectangulares, todas elas móbiles, con patas centrais.
- O espazo inferior de aproximación das mesas é de 75x60x27 cm e a altura superior é de 77 cm.

ASEO ADAPTADO

Localización e itinerario

- Os aseos atópanse no nivel da cafetería, bordeando a barra.
- A iluminación é baixa e por tanto, complica a localización destes.
- O establecemento conta con dous aseos: mulleres e homes. En cada un existe unha cabina adaptada de fronte á porta de acceso.

Entrada ao aseo

- A sinalización do aseo atópase na porta de entrada a leste. Trátase de dous pictogramas de deseño e en altorrelevo: un usuario en cadeira de rodas e unha muller/home, segundo corresponda. A dimensión do símbolo é de 9x9 cm e sitúase a unha altura de 183 cm.
- A porta é batente cara ao interior.
- O mecanismo de apertura da porta é un picaporte de fácil manexo.
- A anchura de paso é de 80 cm.

Cabina

- Conta cunha cabina adaptada en cada aseo.
- A cabina non ten sinalización SIA.
- A porta da cabina adaptada é corredía.
- Non conta con ningún mecanismo de apertura. Ábrese mediante empuxe.

- O mecanismo de peche interior é un pasador.
- Non conta con sistema de apertura exterior en caso de emerxencia nin indicador de libre/ocupado.
- A anchura de paso é de 80 cm.
- Diámetro viro libre de obstáculos no exterior de 150 cm, mentres que no interior é de 134 cm.
- Control de iluminación mediante sensor.
- Carece de sistema de alarma en caso de caída ou atrapamento no interior.

Lavabo

- Fóra da cabina e común ao resto de inodoros.
- A billa acciónase con presión.
- O espazo inferior de aproximación do lavabo é de 68x125x53 cm e a altura superior é de 92 cm.
- O espello é fixo e non presenta inclinación sobre o seu eixo horizontal. O bordo inferior está a 92 cm de altura respecto o chan.
- Dispón de xaboeira e de dispensador de toallas de papel, a unha altura de 120 cm.

Inodoro

- A aproximación frontal ten unha amplitude superior a 120 cm.
- Conta cun único espazo de transferencia, lado esquerdo, cun ancho de 87 cm.
- Presenta unha única barra, abatible. Esta sitúase sobre o lado da transferencia, esquerda, e a unha altura de 70 cm.
- A altura de uso do asento está a 41 cm respecto ao plano do chan e a do inodoro máis táboa está a 80 cm.
- O mecanismo de descarga é un pulsador situado en posición central sobre a táboa do inodoro e require un esforzo medio (3 cm de diámetro) para pulsalo.

ACCESIBILIDADE VISUAL

BAR

Localización e itinerarios

- O bar atópase inmediatamente a continuación da porta. A cor escollida para a barra e para o mobiliario está contrastado respecto dos paramentos de modo que non se atopan barreiras visuais. Ademais, a barra conta con iluminación propia.

Características

- A porta de acceso ao establecemento é de vidro contando con rótulos contrastados sobre ela. O chan está conformado por un pavimento homoxéneo, mate e antiescorregadizo; libre de moquetas e felpudos no interior. De modo que non se producen deslumbramentos pero sobre o que non se debuxan marcas táctiles.
- A iluminación é homoxénea e escasa.
- A barra conta con iluminación identificativa. É identificable por cor, ademais.
- Non se atopan elementos voladizos que entorpezan o itinerario.

SALÓN COMEDOR

Localización e itinerarios

- O bar atópase inmediatamente a continuación do bar. As escaleiras atópanse contrastadas coa contorna, son amplas e ademais contan con franxas contrastadas e antiescorregadizas no bordo de cada chanzo.

Características

- A escaleira non conta con pasa mans. Desde o exterior, terraza traseira, atópase un resalte de 10 cm debido á carpintería.

- Pavimento homoxéneo, mate e antiescorregadizo; libre de moquetas e felpudos. De modo que non se producen deslumbramentos pero sobre o que non se debuxan marcas táctiles.
- A iluminación é homoxénea e cómoda neste espazo.
- As mesas contan con cor contrastada.
- Non se detecta presenza de elementos voladizos nin susceptibles de xerar tropezos.

Aseos

- Están sinalizados en altorrelevo sobre unha altura de 183 cm.
- A cor dos elementos destaca con respecto a paredes e chan, con todo a iluminación é escasa polo que dificulta a identificación destes.
- Non conta con alarma en caso de emerxencia.

ACCESIBILIDADE AUDITIVA

BAR

Localización e itinerarios

- O bar atópase inmediatamente a continuación da porta, nun espazo sen compartimentacións de modo que, non se atopan barreiras auditivas.
- Non hai música e o volume da televisión é medio.

Características

- As alarmas son visuais.

SALÓN COMEDOR

- Conta con carta escrita (pero non con carta en braille).
- Non hai persoal signante aínda que sabe como dirixirse a unha persoa xorda que se comunica en lingua oral.
- Non hai zona con indución magnética.

ASEO

- Están sinalizados.
- Nas cabinas, o pasador fixo carece dun sistema exterior indicando estado de libre ou ocupado.
- A porta carece de espazo inferior libre para ver se hai alguén dentro da cabina.

OUTRAS ESTANCIAS E SERVIZOS

ESTANCIA	LOCALIZACIÓN	ITINERARIO	CARACTERÍSTICAS
Terraza	Exterior: diante, á beira e detrás do establecemento.	Accesible exterior desde acceso principal ou lateral (rampla de pendente 17%, con franxas sobre o pavimento antiescorregadizas) e ancho 150 cm, o mesmo que o da rampla.	As terrazas dianteira e traseira son horizontais, sen pendente. A terraza lateral conta coa mesma pendente que a da rúa, lixeira. A terraza conta con mesas cadradas e catro patas, móbiles. O espazo libre inferior é de 73x60x60 cm, con altura do plano superior de 75 cm. Os toldos atópanse a unha altura superior a 210 cm. O pavimento, o mesmo que o da rúa, é homoxéneo, antiescorregadizo e atópase en bo estado.

			A iluminación exterior, do mesmo xeito que a interior, é homoxénea e escasa.
--	--	--	--